

Kenneth Cook

A vinganza do wombat



rinoceronte

Para Jacqueline Kent,
cuxa destreza e perspicacia
tiveron unha importancia maior
do que a un escritor lle gustaría recoñecer.

A vinganza do wombat

Na estrada de Tumut a Jindabyne, na zona aurífera que hai xusto ao pé dos montes nevados do sur de Nova Gales do Sur, existe un apracible cemiterio chinés. Hai máis dun século, os buscadores de ouro chineses enterraron alí os seus mortos, e agora só quedan as lápidas tortas e gastadas sobre os vetustos ósos deses chineses esquecidos. Co luar ou ao abrente, é un lugar sereno e encantador no que sentar a pensar.

Nin vos acheguedes a ese sitio.

Está inzado de perigosos wombats.

A min antes gustábanme os wombats. A primeira vista son uns animais adorables con aspecto de oso que deambulan tranquilamente polas noites mastigando raíces de xeito inofensivo. Pero a verdade é moi diferente.

Durante moitos anos frecuntei e amei ese cemiterio posuído polos wombats, ata que descubrín esta verdade.

Acampei moitas veces entre os enormes furados que sinalan a entrada dos tobos dos wombats, e vinos emerxer polas noites para entregarse ás súas ocupacións supostamente inofensivas.

Alí sentado, contemplando o cemiterio pola noite, un acaba pensando inevitablemente que os wombats se comunican cos mortos de antano, quizais observando os cranios e extraendo sabedoría deles.

O aprecio que sentía por este lugar levoume a describirllo a un amigo que tiña un zoo comercial de animais australianos á beira do Hawkesbury, preto de Sydney.

–E dis que está cheo de wombats? –preguntou o meu amigo, que se chamaba Alan Roberts, un homiño barbado e moi práctico.

–Diría que hai centos –respondín.

–E se vas alá e me traes un?

–Perdoa?

–Podes ir ata alá e traerme un? Gañarías uns cartiños –dixo Alan, que non andaba con voltas.

–Xa tes varios wombats –dixen.

–Son todas femias –dixo Alan–. Necesito urxentemente un macho para que críen.

Era curioso oír falar de wombats distinguindo machos e femias.

–Nunca atrapei un wombat –dixen–. Non sei como se fai.

–Está tirado –dixo Alan enerxicamente–. Ensínoche eu en cinco minutos. Veña, que sei que estás sen un can.

Era certo. Estaba sen un can. É habitual que o estea. Pero teño alma.

Recostei a miña voluminosa osamenta na cadeira grande e cómoda, bebín uns sorbos do excelente whisky que Alan non deixaba de servirme, deille unha longa calada ao meu puro e dixen:

–Alan, ese cemiterio é un lugar moi especial. Os wombats instaláronse alí hai máis de cen anos e convertérono no seu fogar. De verdade cres que vou sacar un de alí para que se reproduza, sen o menor romanticismo, nos austeros confíns do teu zoo?

–Os wombats son uns animaluchos lascivos que viven moi ben en catividade. Se a un wombat macho o encerras cunha manda de femias e pitanza en abundancia, faslle un gran favor. Agradeceracho toda a vida.

–Perdoa, Alan –dixen–. Seguro que tes razón, pero levar un wombat dese lugar case sagrado sería para min unha especie de sacrilexio.

(Bebera un montón de whisky.)

–Págoche douscentos dólares –dixo Alan.

–Conta comigo –dixen, apurando o vaso.

Ao día seguinte Alan ensinoume como capturar un wombat. A verdade é que é moi doado. Colles unha rede grande cun marco redondo e bótaslla por riba ao wombat.

–Pero como fago para me achegar a un wombat? –preguntei.

–Fácil –dixo Alan–. Méteste entre el e o seu tobo. En canto te vexa pasará por diante de ti e tentará meterse no tobo. Só tes que tirarlle a rede antes de que o faga.

–Moi ben, teño o wombat na rede. Que fago despois?

Alan sacou unha xiringa hipodérmica.

–Poslle unha inxección disto no traseiro. Caerá fulminado, durmirá feliz durante media hora e logo espertará fresco coma unha rosa. Entrementres mételo nunha caixa que che darei, e vés de volta para aquí.

–E estás seguro de que ao wombat non lle importará?

–Despois de cinco minutos no curral estará fincándolles o dente ás raíces e ás femias ao mesmo tempo, e sorrindo de orella a orella.

–Ah, vaia –dixen–. Pois será mellor que vaia indo. Esta tarde saio para alá, pola noite collo o wombat e mañá pola mañá tráioo.

–Asegúrate de colleres un macho –dixo Alan–. Non quero máis femias.

–Collerei un macho –dixen pomposamente–, aínda que prefiro dicir un cabaleiro wombat.

–Tes moito que aprender –dixo Alan de maneira enigmática.

Partín no coche rumbo aos Alpes do Sur co meu can George, porque George se afunde nun profundo declive emocional se o deixo só máis de media hora. George é un enorme pastor alemán de aspecto feroz e de impecables maneiras, pero sofre a inamovible ilusión de creerse humano. Parécelle que ningún outro animal, da especie que sexa, está á súa altura. Non pelexa con outros cans nin persegue gatos máis do que faría eu. Se o ataca un can ou un gato, o cal non é raro, limitase a zouparlles coa pata dereita e vaise. E o habitual é que os gatos e cans aos que George lles zoupa coa súa enorme pata queden convertidos nunha masa semiinconsciente, porque é un can moi forte. Se algo ou alguén me ameaza, exhibe tal ferocidade que o meu rival se esfuma. A ira de George escorrentaría un elefante furioso, pero, que eu saiba, xamais lle mordeu a ningunha criatura viva. Nunca lle fixo falta.

George e eu chegamos ao cemiterio chinés xusto antes do solpor. Non ía montar a tenda de campaña porque a miña intención era volver en canto capturase un wombat.

Tal e como me instruíra Alan, puxen a caixa portawombats entre as entradas dos tobos para poder achegala doadamente ao meu wombat sedado. Logo subín pola ladeira coa rede e a xiringa hipodérmica.

George acompañábame, coma sempre, a un metro do meu xeonllo esquerdo. Tiña plena confianza en que George non ladraría nin faría nada desapropiado que asustase os wombats. El non é desa clase de cans. Sentamos afablemente na ladeira que dominaba o cemiterio a unha distancia que nos permitise ver os wombats cando saísen dos tobos.

Durante a seguinte media hora entretíveme practicando coa xiringa hipodérmica –tiña agullas dabondo e

un frasco de tranquilizante— e corroborei que era moi fácil de usar, a pesar de que nunca tivera unha na man. Só tiña que chantarlla ao wombat no traseiro e premer o émbolo.

No oeste, o ceo caía nese esaxerado paroxismo de cores e nubes que caracteriza o solpor nas montañas. Logo o sol escurreuse tras o horizonte e o brillante luar asolagou o cemiterio.

Saíu o primeiro wombat na procura do almorzo, e púxose a pasear polo outeiro abaixo, uliscando, gruñindo e fozando de cando en vez na terra. George e eu fomos tras el, eu cargando coa rede, e paramos xusto diante do tobo do que saíra.

Asubei suavemente e o wombat volveuse, obediente, e volveu trotando ao seu tobo. Tireille a rede encima e velaí o tiña, atrapado e gruñindo con bastante irritación pero sen revolveuse demasiado. Capturara o meu primeiro wombat. Agacheime coa xiringa preparada, mentres George, ao meu lado, exhibía un total desinterese ante os wombats, e detívenme. Pensei que era mellor comprobar o sexo da miña presa. Cos wombats é moi doado sabelo, e resultou que aquel wombat era unha señorita —unha femia, como diría Alan—.

Levantei a rede. Moi lentamente, e dirixíndome unha longa mirada chea de reproche, a wombat volveu trotando ao seu tobo.

George e eu volvemos subir ao outeiro para pensar. Non quería pasar toda a noite capturando señoritas wombat. Alan dixérame que os machos adultos eran moito máis grandes ca as femias. Estaba claro que era mellor agardar a que saísen uns cantos wombats e logo capturar o maior deles.

Durante unha media hora non pasou nada. Probablemente o meu primeiro asalto activara algunha especie de

sistema de alarma na veciñanza. Pero entón empezaron a saír en tropel. Os wombats, unhas rexas siluetas negras baixo o luar, abrollaron da terra coma cogomelos, e logo puxéronse a deambular devagariño en todas as direccións. Pronto localicei o que quería. Este (esperaba que fose este e non esta) parecía o dobre de grande ca os demais, e mesmo dende lonxe vía conducirse cunha especie de viril arrogancia que proclamaba a súa masculinidade. Agardei a que estivese a uns cen metros do seu tobo e fun por el. En canto George e eu empezamos a baixar pola ladeira, varios wombats que atopabamos ao noso paso volvéronse e desapareceron nos seus tobos, pero o que estaba destinado a ser a miña vítima uliscaba despreocupadamente.

George e eu puxémonos entre el e o seu tobo e fixen o meu truco de asubiar suavemente. O wombat volveuse e dirixiuse ao tobo. O mesmo fixeron outros cincuenta.

Wombats á miña esquerda, wombats á miña dereita, patexando o chan e gruñindo. Quedei alí plantado, enorme, flácido e intrépido baixo o luar, coa rede nunha man e a xiringa na outra, agardando polo wombat que me interesaba. Ocorréuseme que podía ter problemas se todos os wombats decidían atacarme á vez, pero só foi un pensamento fugaz; o wombat é un marsupial herbívoro e inofensivo.

O meu wombat era o que estaba máis afastado do seu tobo, e o resto desaparecera antes de que aquel se me puxese a tiro coa rede. Era, en efecto, un wombat macho moi grande. De feito, era case tan alto coma George, e moito máis ancho, cunha enorme cabeza negra e roma meirande ca a miña.

Coa desenvoltura que dá a práctica, boteille a rede por riba.

Esnaquizouna e menos de dous segundos.

Desconcertado, coa xiringa na man, quedei observando como o wombat sacudía de enriba os restos da rede, e preguntéime que se supoñía que debía facer a continuación.

Non tiven que tomar ningunha decisión, porque o wombat veu cara a min cun gruñido homicida, manifestando a súa disposición a demostrar que a idea de que son inofensivos herbívoros é un mito. Nese momento non me sentín excesivamente alarmado porque tiña a George. George actuou como correspondía. Proferiu un gruñido gutural e asasino, e, erguéndose en toda a súa altura, cos brancos cairos escintilando ao luar, o rabo erguido e o lombo arrepiado, interpúxose entre o wombat e eu.

Como dixen antes, un elefante enlouquecido fuxiría chiando espavorecido ao ver a George en tal actitude. Pero un elefante enlouquecido non é un wombat furioso, e este wombat seguiu recto e fincou os dentes na pata dianteira esquerda de George.

George ouveu de dor e sorpresa, e empezou a zouparlle ao wombat coa pata dereita.

Cómpre dicir, sendo xustos, que en realidade George nunca pelexara con ningún outro animal. Non lle fixera falta, porque lle abondara co ademán. Pero recoñezo que me pasou pola cabeza que George estaba a ser algo cagai-nas. Un can serio debería facer algo máis que baterlle coa man na cabeza a un animal salvaxe que lle está roendo a pata esquerda. Ademais, cando o wombat acabase con George, quizais me atacase a min.

George xa renunciara a zouparlle ao wombat e concentrábase en tratar de liberar a pata. Da súa boca, e entre os seus magníficos e relucentes cairos, saía un agudo chíó de mágoa, e lembro pensar que sería de moito máis proveito usar eses cairos para esgazarlle a gorxa ao condenado wombat antes de que a emprendese comigo.

Sentinme tentado de correr ao coche, encerrarme nel e confiar en que o wombat non fose quen de abrir un burato na porta a trabadas.

Pero isto significaría abandonar o asediado George á improbable clemencia do wombat, cousa que tanto a miña decencia como a miña lealdade me impedían facer, polo menos ata que a situación empeorase e fosen as miñas preciosas carnes as que sufrisen o asalto.

George e o wombat interpretaban agora unha estraña danza, dando voltas e voltas mentres George trataba de zafarse e o wombat se negaba a soltalo. Eu atopábame moi preto, e caín na conta de que me estaban poñendo diante un par de traseiros xiratorios. Primeiro pasaba o de George, co rabo entre as pernas, e logo o do wombat, vasto, negro e sen rabo.

«Ponlle unha inxección disto no traseiro», dixera Alan. «Caerá fulminado.»

Tiña unha xiringa na man, e cada dous segundos poñíase diante o traseiro dun wombat. Pagaba a pena tentalo.

Agardei un momento ata estar seguro de que calculara ben o tempo, e cun movemento rápido lancei a agulla directamente ao traseiro do wombat.

Foi como intentar cravarlla a un eucalipto vedraño.

A agulla partiu e caín de fociños enriba do wombat, que se sacudiu con desdén para desfacerse de min, de modo que me atopei boca arriba no chan, baixo as entreteidas estrelas, mentres ao oeste da miña orella esquerda seguía librándose o combate mortal entre o wombat e o can.

Como puiden, púxenme en pé e afasteime para reconsiderar a situación. A menos que se fixese algo, en breve a pata de George quedaría seccionada á altura do cóbado, e resultaba evidente que o coitado era incapaz de solucionalo.

Tiña máis agullas para a xiringa, pero era inútil tratar de inxectar nada no traseiro do wombat. Dubidaba que un trade eléctrico puidese furar aquel peello. No entanto, debía ter partes do corpo máis brandas. Podería quizais cravarlle a agulla no pescozo? Os ouveos de George pasaran de inspirar mágoa a resultar lacerantes; había que intentar calquera cousa. Puxen unha agulla nova e volvíñ encher a xiringa mentres George e o wombat seguían imitando unha parella de dervixes xiróvagos. Entón achegueime e agardei o momento oportuno para lanzar a estocada ao pescozo do wombat.

A ocasión presentouse axiña e, cunha firmeza e unha resolución admirables, abalanceime e cravei a agulla.

Directamente no ombreiro de George.

George caeu fulminado.

O wombat seguiu aferrando un intre a pata de George, e logo soltouna e quedou quieto con aspecto desconcertado. Probablemente fose a primeira vez que deixaba inconsciente un can trabándolle na pata.

Entón sacudiu a cabeza e cargou contra min, cun brillo asasino nos ollos.

Volvinme e botei a correr, pedindo auxilio a berros ao ser humano máis próximo, que sabía que se atopaba polo menos a dez quilómetros de alí.

Debo precisar que sufro un lixeiro sobrepeso, que nunca tiven un tipo atlético e que non estaba precisamente en forma. Sendo sincero, son un bazuncho, e en dez segundos sentín o cálido alento do wombat na caluga. Iso debino imaxinar, porque o wombat non era tan alto, pero o que non imaxinei foron as fauces daquela besta esgazándose a perneira do pantalón.

Ouvei e lanceime nun esprinte, pero era en van. Tiña os pulmóns abrasados co escaso aire que lles podía enviar,

o meu corazón forcexaba por soltar amarras, e o sangue latexábame na cabeza con tal forza que era evidente que me sairía polas orellas en calquera momento.

Entón, coa súbita lucidez que ilumina aqueles que se achaban ao bordo da morte cando albiscan a mínima posibilidade de sobrevivir, vin unha escapatoria. Xusto diante de min había un enorme tobo de wombat, sobre o cal se mantiña precariamente en pé unha lápida chinesa moi grande.

Era unha posibilidade remota, pero posibilidade no fin de contas. E ademais era a única.

Pedinlle un último e desesperado esforzo ao meu corpo, a piques de derrubarse e estoupar, gañeille uns metros ao wombat, lanceime ao burato cos pés por diante, agarrei o bordo da lápida e tombeina encima de min.

Encaixou no burato coma unha trapela.

Sentín e oín o ruído que fixo a cabeza do wombat contra a lápida, asentándoa no sitio con firmeza.

Logo houbo un total silencio só roto pola miña estrepitosa respiración, e unha total escuridade.

Non sei canto tempo quedei alí ata que puideren respirar con normalidade e o sangue deixou de desafiar as miñas sufridas arterias o suficiente para permitirme pensar, pero foi bastante.

Estaba sumido nunha negrura e nun silencio de tumba. Literalmente, porque me achaba nunha vella tumba chinesa cunha lápida por riba da cabeza. Fóra agardaba un feroz wombat devorador de homes, e era de supoñer que houbera outro no fondo do tobo, xa avanzando cara aos meus vulnerables pés só protexidos por unhas botas que para un wombat serían coma a pel dunha salchicha.

Pero ao cabo dun anaco, como ninguén empezara a rillarme os pés e me decatara de que chegaba aire ao túnel

por algunha parte, empecei a ter esperanza. Despois de todo, só había que esperar ao abrente para que todos os wombats decentes fosen durmir. Se, como sospeitaba, o meu agresor estaba agardando fóra, disposto a botarse a min, de acordo coas ineludibles leis da natureza tería que volver á casa para durmir, digamos, nunhas dez horas.

Dez horas! Tiña que xacer na miña tumba durante dez horas. Pode verse un home nunha situación peor?

Si, e vinme nela case de inmediato, porque entón sentín escavar, de maneira intensa, rápida, rítmica. Algo estaba escavando arredor da lápida que bloqueaba o túnel.

Non había ningún outro son. O único que rompía o silencio da tumba era o ruído de algo firmemente decidido a exhumarme.

O wombat estaba a piques de atraparme.

Sentíame impotente.

Non podía facer nada. Sentín o impulso de avanzar polo tobo reptando. Pero, de que ía servir? Unha vez que o wombat entrase no túnel xa me tiña. Aínda máis: agora non me ía cravar os dentes nunha perna, senón na cabeza.

Quedei alí, aterrorizado e sen esperanza. Pero a necesidade absoluta de acción estimula mesmo o peor covarde, e decidín que en canto caese a lápida sairía disparado do túnel e faría o posible por estrangular aquel maldito wombat.

E a escavación seguía: implacable, crecente, vigorosa, resolta.

O túnel era moi ancho na entrada, e sabía que en canto o wombat retirase toda a terra dun lado, a lápida caería para dentro e tería aquela besta encima.

Aparteime un pouco para que a pedra non me golpease e púxenme boca abaixo, de modo que puidese lanzarme cara adiante da mellor maneira cando chegase o momento.

A pedra caeu para dentro.

Recortándose contra o ceo iluminado polo luar, a silueta dun animal inmenso e negro encheu a entrada, e un alento cálido e fétido golpeoume a cara.

Lanceime, é dicir, saín reptando ata que a miña cabeza chegou á superficie, e esperei a morte.

George lambeume a cara.

«Durmirá feliz durante media hora e logo despertará fresco coma unha rosa», dixera Alan sobre os wombats sedados. E alí estaba George, «fresco coma unha rosa» despois de durmir media hora.

Non creo que se poida morrer de alivio, pero eu case o fixen.

Saín arrastrándome do túnel. Non había wombats á vista.

Examinei a pata de George. Non tiña a pel esgazada. Os wombats teñen os dentes romos.

George e eu mirámonos pensativos ao luar, e chegamos á conclusión de que en realidade non había nada que dicir.